

Convocatoria: Data DOG: 13/03/2020 - Servizo: S
Corpo: 590 - Profesores de ensino secundario
Especialidade: 005 - Xeografía e historia
Tribunal: 1

CRITERIOS DE AVALIACIÓN XERAIS DO TRIBUNAL 1 XEOGRAFÍA E HISTORIA

DATA PUBLICACIÓN: [11/06/2021]

PARA TODAS AS QUENDAS:

Avaliaranse os coñecementos específicos, científicos e técnicos propios da especialidade docente.

Avaliarase a aptitude pedagóxica dos opositores e opositoras e o seu dominio técnico do exercicio docente.

Avaliarase a coherencia e claridade expositiva, oral e escrita.

As probas poderán realizarse en galego ou castelán.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN ESPECÍFICOS DA PRIMEIRA PROBA (D e L)

O exame práctico (parte A) consistirá no desenvolvemento dunha opción de dúas pechadas planteadas polo tribunal. Cada opción contén unha práctica de xeografía, unha práctica de historia e unha práctica de historia da arte, ponderando cada unha un terzo da nota final.

No tema (parte B) avaliarase a demostración dos coñecementos específicos, científicos e técnicos propios dun tema escollido polo/a aspirante de entre cinco sorteados do temario.

É imprescindible alcanzar o 25% da puntuación máxima de cada unha destas partes para superar a primeira proba. A nota desta primeira proba será conxunta, sendo necesario acadar como mínimo unha nota igual ou superior a 5 puntos, ponderándose 60% para o práctico (parte A) e 40% para o tema (parte B).

CRITERIOS DE AVALIACIÓN ESPECÍFICOS DO PRÁCTICO DE XEOGRAFÍA, HISTORIA E HISTORIA DA ARTE (D e L)

Comprender e explicar o territorio como un espazo dinámico, caracterizado polos contrastes e a complexidade territorial, resultado da interacción de decisións políticas e de procesos sociais, económicos e tecnolóxicos e culturais que actuaron nun marco natural e histórico.

Identificar e comprender as interrelacións das variables que interveñen no espazo xeográfico para analízalo e interpretalo criticamente, empregando con corrección, tanto as técnicas como o vocabulario específico.

Describir os trazos xerais do medio natural, recoñecer e localizar a diversidade de medios ecoxeográficos, identificando as variables e as relacións dinámicas que os configuran.

Identificación e explicación multicausal da localización e distribución de procesos e fenómenos xeográficos e as súas implicacións.

Identificar e comprender as interrelacións das variables que interveñen no proceso histórico para analízalo e interpretalo criticamente, empregando con corrección tanto as técnicas como o vocabulario específico.

Identificación e explicación multicausal da localización e distribución de procesos e fenómenos históricos e a súas implicacións.

Precisión e coherencia no eixe espazo e temporal.

Manexar criticamente as achegas de distintas correntes historiográficas que explican os feitos históricos e artísticos.

Analizar e comparar os cambios producidos na concepción da arte e das súas funcións en distintos momentos históricos.

Identificar, analizar, comentar e interrelacionar, de ser o caso, distintas obras de arte. Relacionalas co contexto histórico, cultural e artístico no que foron creadas. Referir a terminoloxía artística apropiada.

Identificar e caracterizar os principais estilos artísticos da tradición cultural occidental.

Distinguir os trazos básicos e particularidades das principais figuras da Historia da Arte.

CRITERIOS ESPECÍFICOS DE AVALIACIÓN DA SEGUNDA PROBA (D e L)

Avaliarase a aptitude pedagóxica e o dominio das técnicas docentes.

Na programación avaliarase a pertinencia da contextualización e concreción de obxectivos, competencias, contidos, metodoloxía, temporalización, materiais e recursos a utilizar, criterios de avaliación e cualificación, estándares e resultados de aprendizaxe avaliáveis, así como a atención ao alumnado con NEAE. Asemade avaliarase a proposta de avaliación da propia programación. Tamén poderá avaliarse a relación da programación con outros documentos do centro.

Na unidade didáctica avaliarase a pertinencia de obxectivos de aprendizaxe, contidos a desenvolver e metodoloxía empregada, actividades de ensinanza-aprendizaxe, procedementos de avaliación e cualificación e propostas de atención á diversidade.

A nota desta segunda proba será conxunta, sendo preciso acadar como mínimo unha nota igual ou superior a 5 puntos, ponderándose 40% a programación e 60% a unidade didáctica.

Avaliarase a calidade expositiva e a expresión oral.

As programacións serán avaliadas consonte os curriculos aprobados polas normas que se mencionan na base 13. 4 da orde do 24 de febreiro.

Cando se fagan referencias á normativa en vigor, debe terse en conta que na realización deste proceso selectivo, de conformidade coa disposición final 5ª da Lei Orgánica 3/2020 de 29 de decembro, están vixentes desta lei: a participación e competencias do Consello Escolar, Claustro e dirección, a autonomía dos centros docentes, a selección de dirección e a admisión de alumnado.

Cando se cite a orde de calendario , a que se considerará será a do curso 20/21.